



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias  
( Xefe territorial)

**VOGAIS**

Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de montes)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay  
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE CESANTES**

Jerónimo Escariz Covelo

**SECRETARIA**

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 20/12/2017 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado "Da Mina", na parroquia de Cesantes, solicitado a favor dos veciños da CMVMC de Cesantes ( Redondela)

**Antecedentes de feito:**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 03/04/2013, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de la parroquia de Cesantes, concello de Redondela, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dun monte comunal denominado "Da Mina". Trátase dun monte do que xa se clasificaron dúas parcelas por resolución do Xurado Provincial de 30 de maio de 2001, polo que agora solicitan a clasificación da parcela existente entre elas e outros anacos lindeiros producidos pola conversión de antigos camiños veciñais en vías públicas asfaltadas. Achega un completo informe pericial con abundante documentación histórica para demostrar a pertenza de todas esas parcelas a un único Monte da Mina e establecer o linde histórico coa veciña parroquia de O Viso.

O 09/07/2013 o Servizo de Montes informa que a planimetría aportada pola comunidade solicitante permite identificar plenamente as parcelas e que non están clasificadas. Advirte que as parcelas A e B inclúen parcelas xa clasificadas e que invaden parcialmente parcelas fincas catastradas a nomes de propietarios particulares.

**SEGUNDO.-** O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 08/02/2016, incoar o correspondente expediente de clasificación do citado monte a prol da CMVMC de Cesantes, concello de Redondela.

Posteriormente solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 12/05/2013 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes.

**TERCEIRO.-** A Rexistradora da Propiedade de Redondela, en escrito de data 09/11/2016, certifica que co nome de "Mato da Mina" figura unha parcela inscrita no Rexistro da Propiedade, a toxeira de 885 m<sup>2</sup> a nome de Sergio Rodríguez Fernández, por título de mellora e con carácter privativo.

**CUARTO.-** Á vista da documentación aportada pola solicitante e o informe do Servizo de Montes, o Monte obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

**CONCELLO: REDONDELA**

**PARROQUIA: CESANTES**

**NOME DO MONTE: "DA MINA"**

**Parcela A**

**Cabida:** 43.574 m<sup>2</sup> - 15.512 m<sup>2</sup> ao norte - 4.043 m<sup>2</sup> ao sur = 24.019 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Monte veciñal "Da Mina" clasificado a favor de Cesantes e fincas particulares de Emilia Garcia Cabaleiro, Emilio de la Torre s/s, Manuel Somoza Martínez, Albina Estévez Duro, María Ferreira Alvarez, Placeres, Descoñecido, Serafina Lago s/s, Gloria Muñoz Iglesias, Maria Cabaleiro Alvarez.

**Sur:** Monte veciñal "Da Mina" clasificado a favor de Cesantes e fincas particulares de Abundino Bouzón s/s e outros.

**Leste:** Camiño de Subida ao Cruceiro, finca particular de Josefa Cabaleiro Loural e monte veciñal "A Lomba" de O Viso.

**Oeste:** Camiño Real ao Viso ou Camiño de Santiago pola ruta portuguesa e fincas particulares de Descoñecido, Ana María Sobral Rivas e Fernando Vidal Vidal.

**Nota:** As superficies deducidas corresponden a cuantificación sobre o formato dixital das dúas parcelas clasificadas.



**Parcela C:**

**Cabida:** 760 m2 (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Camiño da Tomada.

**Sur e Oeste:** Fincas particulares de descoñecido, Maria Cabaleiro Alvarez, Gloria Muñoz Iglesias e Serafina Lago s/s.

**Leste:** Camiño de subida ó Cruceiro.

**Parcela D**

**Cabida:** 315 m2 (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Camiño de subida ó Outeiro Grande.

**Sur:** Camiño do Galleiro.

**Leste:** Fincas particulares de Emilio Fabre s/s, Carlos s/p s/s, Jacobo José Míguez Boullosa.

**Oeste:** Camiño de subida ó Cruceiro.

**Parcela E**

**Cabida:** 1.298 m2 (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte e Oeste:** Camiño de subida ó Cruceiro.

**Sur:** Camiño da Peloureira.

**Leste:** Fincas particulares de Francisco Lusquiños Montes e Martina Ricón Cabaleiro.

**Nota:** parcela enteiramente ocupada por particulares na actualidade.

**Parcela F**

**Cabida:** 1.511 m2 (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte e Oeste:** Camiño de subida ó Cruceiro.

**Sur:** Camiño do Souto de Padrón.

**Leste:** Monte veciñal "A Lomba" de O Viso.

**Nota:** parcela incluída enteiramente na recente clasificación do monte "A Lomba" a favor da Comunidade Veciñal limítrofe, cunha superficie total de 0,53 has.

**QUINTO-** Realizáronse as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para abrir o período de audiencia. Sergio Rodríguez Fernández, o propietario da finca "Mato da Mina" inscrita no Rexistro da Propiedade de Redondela, alega que a súa finca non se ve afectada pola solicitude de clasificación da Comunidade de Montes Veciñais de Cesantes.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

**Terceiro.-** O informe pericial presentado pola Comunidade de Montes solicitante contén abundante documentación histórica para demostrar a pertenza de todas esas parcelas a un único Monte da Mina que tradicionalmente formaba unha unidade e que hoxe presenta varios anacos independentes producidos pola conversión de antigos camiños veciñais en vías públicas asfaltadas. Así mesmo realiza un completo traballo topográfico para establecer na planimetría actual o linde histórico coa veciña parroquia de O Viso.

Segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

O uso a prol dos veciños queda acreditado no informe preceptivo do Servizo de Montes pola expresión *"uso forestal"* presente nas parcelas A, C e D. Non invade fincas catastralmente inscritas a nome de particulares, agás unha estreita banda lindante coa antiga devesa real, debido a erros na delimitación do catastro. Pola contra, non está acreditado un aproveitamento dos veciños de Cesantes na parcela E, que segundo o informe do Servizo de Montes está *"desbrozada por los propietarios de las fincas particulares lindantes"* e na parcela F, que está clasificada a prol da Comunidade de Montes Veciñais da parroquia de O Viso co nome de "A Lomba" por resolución do Xurado Provincial de 19/11/2012.

**Quinto.-** O Concello de Redondela non presentou alegacións á clasificación do citado monte, e soamente se limitou a remitir a certificación do secretario municipal (co Visto e Prace do alcalde) de que o anuncio relativo ao inicio do expediente estivo un mes exposto no taboleiro de anuncios do concello, como é preceptivo. Este proceder leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal do terreo obxecto do expediente por parte do Concello.



En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común as **parcelas A, C e D** do monte denominado “**Da Mina**” excluída da superficie a clasificar as vías públicas asfaltadas, a prol dos veciños da CMVMC de Cesantes, do Concello de Redondela, e **NON CLASIFICAR** as **parcelas E e F** polos motivos anteriormente expostos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Handwritten signatures and a circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, Pontevedra. The stamp contains the text: XUNTA DE GALICIA, XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, PONTEVEDRA.

532.200

532.400

532.600

532.800



Clasificación do monte "Da Mina"

Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Cesantes

Redondela

Escala: 1:2.000  
Xaneiro - 2.018

4.685.000

4.684.800

4.684.600

4.685.000

4.684.800

4.684.600

Subida ao cruceiro do Viso

Parcela C  
760 m<sup>2</sup>

Parcela D  
315 m<sup>2</sup>

Parcela A  
22.509 m<sup>2</sup>

Saramagoso

Camino de Saramagoso

Camino da Pelourenza

532.200

532.400

532.600

532.800

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink]*